

- ORGANIZA
Consello da Cultura Galega
Sección de Música e Artes Escénicas
- COORDINA
Sección de Música e Artes Escénicas
- INSCRICIÓN
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
- MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN
www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 95 72 02
Fax 981 95 72 05

Deseno gráfico: Imago Mundi • Imprires Gráficas Brial • 2011

As Ensinanzas Superiores de

música E ARTES ESCÉNICAS

XOVES 10 DE FEBREIRO DE 2011

no Espazo Europeo da
Educación Superior:
situación e perspectivas

XORNADA DE DEBATE

A implantación das directrices emanadas do proceso de Convergencia das ensinanzas superiores no espazo europeo, coñecido como “proceso de Boloña”, supuxo un xiro definitivo na deriva histórica das ensinanzas superiores de música e artes escénicas en todo o contexto español. Esta nova situación obriga á definición e concreción das condicións de inserción destas ensinanzas no nivel superior no que se encadran, xunto coas ensinanzas universitarias e outras.

As normativas publicadas polo Estado ao longo dos anos 2009 e 2010, así como as emanadas das administracións autonómicas no seu desenvolvemento, están a deseñar ese novo contexto. Non obstante, namentres que no contorno universitario se acadou un modelo común para a Convergencia, no caso das ensinanzas artísticas subsiste unha inquietante indefinición, que desembocou en diferentes propostas de xestión no Estado e que no caso de Galicia aínda está por definir.

En tanto que estamos a tratar dunhas ensinanzas encamiñadas á formación de profesionais cunha importante presenza no tecido cultural do país, é este un debate que non só atinxe ao contorno educativo, administración e centros, senón a todo o conxunto social e, en definitiva, ao presente e ao futuro da cultura de Galicia. Por iso, o Consello da Cultura Galega quere propoñer nesta xornada unha reflexión e un debate crítico sobre a necesidade de definir o modelo de xestión destas ensinanzas e sobre a “folla de ruta” que debería conducir a unha normalización exitosa destas ensinanzas perante os retos da Convergencia.

• **16:30 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA**

Ramón Villares, Presidente do Consello da Cultura Galega

Xesús Vázquez Abad, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Maximino Zumalave, Coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas

• **16:45 h. DESENVOLVEMENTO DOS NOVOS PLANS DE ESTUDOS E OS CENTROS DE ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS: ESTRUCTURA E OBXECTIVOS**

Alberto Veintimilla Bonet, Doutor en Musicoloxía e director do Conservatorio Superior de Música del Principado de Asturias. Membro da Comisión Permanente do Consejo Superior de Enseñanzas Artísticas do Estado, e relator da Proposta para a elaboración dos aspectos básicos dos currículos de Grao en Música, que foi aprobada e tramitada no Real decreto 631/2010 do 14 de maio

PRESENTA: **Luis Costa**, Director do Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra

• **17:45 h. A ENSEÑANZA DA ARTE DRAMÁTICA NO EEES BOAS PRÁCTICAS E EMPREGABILIDADE**

Angel Martínez Roger, Doutor en Historia da Arte e Director da Real Escuela Superior de Arte Dramático, de Madrid. Dirixiu espectáculos como *El Joven Telémaco*, realizou estudos sobre escenógrafos como Adolphe Appia, e comisariou exposicións de artistas do relevo de Josef Svodoba. Forma parte da xunta directiva da Asociación Española de Centros Superiores de Enseñanzas Artísticas

PRESENTA: **Manuel F. Vieites**, Director da Escola Superior de Arte Dramática

• **18:45 h. PAUSA**

• **19:00 h. MESA REDONDA**

Alberto Veintimilla Bonet

Angel Martínez Roger

Juan Durán Alonso, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

MODERA: **Sergio Sieiro**, Profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña